

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 3975** *Real decreto 162/2016, do 25 de abril, polo que se derroga o Real decreto 1118/1998, do 5 de xuño, polo que se establece o procedemento de cooperación coa Comisión Europea en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.*

Os ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, elaboraron disposicións que incorporaban ao ordenamento xurídico español as directivas comunitarias relacionadas coa seguraza dos produtos alimenticios.

A Decisión 74/234/CEE da Comisión, do 16 de abril de 1974, relativa á creación dun comité científico da alimentación humana, creou o Comité Científico da Alimentación Humana e foi substituída pola Decisión 95/273/CEE da Comisión, do 6 de xullo de 1995, relativa á creación dun comité científico da alimentación humana. Posteriormente, a Decisión 95/273/CEE da Comisión, do 6 de xullo de 1995, foi derogada pola Decisión 97/579/CE da Comisión, do 23 de xullo de 1997, pola que se establecen comités científicos no ámbito da saúde dos consumidores e da seguraza alimentaria, que establecía, entre outros, o Comité Científico da Alimentación Humana, e foi derogada, pola súa vez, pola Decisión 2004/210/CE da Comisión, do 3 de marzo de 2004, pola que se establecen comités científicos no ámbito da seguraza dos consumidores, da saúde pública e do ambiente.

Pola súa parte, a Directiva 93/5/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1993, relativa á asistencia á Comisión por parte dos Estados membros e á súa cooperación en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios, tiña por obxecto garantir o funcionamento eficaz do Comité Científico da Alimentación Humana promovendo o apoio científico dos Estados membros ao dito comité e organizando a cooperación cos organismos nacionais pertinentes sobre cuestións científicas relativas á seguraza dos produtos alimenticios. A dita directiva foi incorporada ao ordenamento xurídico nacional mediante o Real decreto 1118/1998, do 5 de xuño, polo que se establece o procedemento de cooperación coa Comisión Europea en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.

De conformidade co Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguraza alimentaria, as tarefas do Comité Científico da Alimentación Humana, mencionadas na Directiva 93/5/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1993, transferíronse á Autoridade Europea de Seguraza Alimentaria (EFSA) e están establecidas actualmente no dito regulamento. Ademais, en virtude do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, a EFSA converteuse tamén no organismo competente para promover a cooperación científica cos Estados membros e cos organismos nacionais pertinentes que operan nos ámbitos que comprende o labor da EFSA.

En particular, o artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, establece que a EFSA actuará en estreita colaboración cos organismos competentes dos Estados membros que realicen tarefas similares ás da Autoridade, así como que os Estados membros cooperarán coa EFSA para asegurar o cumprimento do seu labor, e que a Autoridade, a Comisión e os Estados membros cooperarán para asegurar a coherencia entre as funcións de avaliación do risco, xestión do risco e comunicación do risco.

Como consecuencia, pois, da aprobación do referido Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, a Directiva 93/5/CEE do Consello, do 25 de febreiro, quedou privada de contido e no contexto do programa de adecuación e eficacia da normativa (REFIT, pola súa sigla en inglés) polo que a Comisión Europea se comprometeu a establecer un marco normativo simple, claro, estable e predicible para as empresas, os traballadores e os cidadáns, foi derogada pola Directiva (UE) 2015/254 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2015, pola que se derroga a Directiva 93/5/CEE do Consello, relativa á asistencia á Comisión por parte dos Estados membros e á súa cooperación en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.

Á vista de canto antecede, procede agora incorporar ao ordenamento xurídico interno a Directiva (UE) 2015/254 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2015, e derrogar o Real decreto 1118/1998, do 5 de xuño, polo que se establece o procedemento de cooperación coa Comisión Europea en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios, ao existir un marco de cooperación coa Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria regulado polo Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, que substitúe o regulado pola Directiva 93/5/CEE do Consello, do 25 de febreiro de 1993, relativa á asistencia á Comisión por parte dos Estados membros e á súa cooperación en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e Melilla e as entidades máis representativas dos sectores afectados, o Consello de Consumidores e Usuarios e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de abril de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1118/1998, do 5 de xuño, polo que se establece o procedemento de cooperación coa Comisión Europea en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.

Disposición adicional única. *Gasto público.*

A aplicación desta norma non poderá supor incremento de gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 15.^a e 16.^a do artigo 149.1 da Constitución española, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de coordinación xeral da investigación científica e técnica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2015/254 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2015, pola que se derroga a Directiva 93/5/CEE do Consello, relativa á asistencia á Comisión por parte dos Estados membros e á súa cooperación en materia de exame científico das cuestións relacionadas con produtos alimenticios.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de abril de 2016.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN